# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

-

**CENTRO:** IES POETA DÍAZ CASTRO

**DEPARTAMENTO DIDÁCTICO :**

TECNOLOXÍA

1. INTRODUCCIÓN
2. AVALIACION INCIAL E ATENCIÓN A DIVERSIDADE
3. ELEMENTOS TRANSVERSAIS
4. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
5. AVALIACION DA PRÁCTICA DOCENTE
6. APROBACIÓN DESTA PROGRAMACIÓN POLO DEPARTAMENTO

# ASPECTOS COMÚNS DO DEPARTAMENTO

## 1. Datos xerais do departamento....

| DATOS DO DEPARTAMENTO | | |
|---|---|---|
| **a) Composición do Departamento** | | |
| Nome e Apelidos | Corpo | Anos de servizo no centro |
| José Engroba García | PES | 11 |
| Miguel Ángel Barreiro | PES | 1 |
| | | |

| **b) Xefatura do Departamento** | | |
|---|---|---|
| Nome e Apelidos | Corpo | Período de Xefatura |
| José Engroba García | PES | 2017/2021 |

| **c) Reunións do Departamento** | |
|---|---|
| Día | Hora |
| Sen sinalar | - |

| **d) Materias impartidas polo Departamento** | | | |
|---|---|---|---|
| Materias | Lingua vehicular | Etapa | Cursos |
| Tecnoloxía | castelán | ESO | 2º-3º |
| Tecnoloxía | galego | ESO | 4º |
| Tecnoloxía Industrial | Galego | BAC | 1º |
| TIC | Galego | ESO | 4º |
| TIC | castelán | BAC | 1º |
| TIC | castelán | BAC | 2º |
| PMAR | Castelán | ESO | 3º |

- Tres grupos de 2º ESO (Tecnoloxía)
- Dous grupos de 3º ESO (Tecnoloxía)
- Un grupo de $4^9$ ESO (Tecnoloxía)
- Un grupo de 4º ESO (TIC)
- Un grupo de I° de bacharelato (Tecnoloxía Industrial I)
- Un grupo de Iº de bacharelato (Tecnoloxía da Información e da Comunicación)
- Un grupo de *2º*- de bacharelato (Tecnoloxía da Información e da Comunicación)
- Un grupo de 2° de bacharelato (Tecnoloxía Industrial II)
- Un grupo de 3º de ESO PMAR (ámbito científico e matemático)

O obxecto da tecnoloxía abarcará todo o relacionado con procesos de invención, fabricación de obxectos, e os coñecementos que interveñen en tales procesos, contribuíndo ó desenvolvemento integral do alumno. Preténdese proporcionar una visión xeral da técnica, e á vez, que permita o desenvolvemento de certas capacidades como a observación, o razoamento lóxico, a creatividade, a análise crítica a capacidade de expresión, e a integración de todas elas que, unidas os coñecementos científicos, proporcionen ó alumno a capacidade para deseñar e planificar obxectos ou sistemas destinados a solución de problemas.

- **LIBRO DE TEXTO**

Para este curso os membros do departamento decidiron non seguir ningún libro de texto en concreto.
En cambio para a realización das prácticas os alumnos deberán aportar un cantidade de diñeiro que será de 6 € os alumnos de 2º e 3º de ESO e de 10 € os alumnos de 4º de ESO de BAC, deste xeito faranse compras conxuntas de material, que salgan máis baratas e asegurámonos que todo os alumnos teñas o mesmo material.

- **AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE**

O deseño da avaliación inicial está dirixido a detectar alumnado que precise aplicación de medidas, tanto a nivel individual como colectivo. Unha vez detectadas as necesidades educativas específicas, estableceranse as medidas apropiadas:

- Atención individual intensiva na realización de prácticas
- Subministración de material de apoio na aula
- Ampliación de tempo na realización de probas de avaliación
- Apoios en pequeno grupo
- Realización de tarefas en grupo
- Adaptación curricular intensiva de ser o caso.

Estas medidas serán aplicadas no marco da metodoloxía descrita dentro desta programación.

**ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

Traballaranse, principalmente os elementos transversais establecidos no artigo 4 do Decreto 86/2015 do 25 de xuño.

**ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

O departamento non propón participar en actividades para o curso 2018-19:

Pero si xurde algunha proposta interesante si que valoraremos a posibilidade de apuntarnos

**AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE**

| ACTIVIDADE | INDICADORES DE LOGRO |
|---|---|
| Planificación | • Planifica a práctica docente tendo en conta os estándares de aprendizaxe. • Realiza a temporización tendo en conta as horas asignadas á materia e a duración dunha sesión de traballo. • Selecciona e secuencia os contidos de maneira progresiva e tendo en conta os aspectos particulares de cada grupo. • Planifica as clases de maneira aberta e flexible. • Selecciona e elabora os materiais e recursos didácticos para desenvolver a práctica docente na aula-taller. • Prepara o material e guións das prácticas e proxectos que se desenvolverán na aula-taller. • Establece criterios, procedementos e instrumentos de avaliación correlacionados e os estándares de aprendizaxe • Coordínase co profesorado do propio departamento e doutros departamentos. |
| Motivación do alumnado | • Dá a coñecer a planificación da práctica na aula-taller proporcionando unha visión de conxunto ao comezo de cada bloque de contidos e de cada sesión de traballo. • Establece canles de comunicación para que o diálogo sexa fluído dentro e fóra da aula-taller. • Proporciona ao alumnado o apoio necesario durante o proceso de ensino-aprendizaxe. • Desenvolve actividades de diversos tipos e características introducindo elementos novedosos. • Fomenta un bo ambiente na aula-taller promovendo a participación activa do alumnado. • Fai posible a realimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos. • Relaciona os contidos, os proxectos e as actividades e os intereses do alumnado. • Organiza a aula-taller para que o alumnado dispoña de espazo e recursos na realización de prácticas e proxectos. • Evita a repetición de proxectos a fin de introducir elementos novedosos que motiven ao alumnado. |

| | |
|---|---|
| Traballo na aula-taller | • Resume e repasa ao comezo de cada sesión os contidos xa traballados en sesións anteriores. • Utiliza exemplos na introdución de novos contidos. • Resolve as dúbidas do alumnado dentro e fóra das sesións de traballo. • Establece tempos fóra das sesións de traballo para atender ao alumnado. • Utiliza diferentes soportes durante as sesións de traballo. • Selecciona prácticas, proxectos e actividades para alcanzar os estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias clave. |
| Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe | • Realiza a avaliación inicial a fin de tomar as medidas individuais ou colectivas necesarias. • Analiza os procesos e os resultados das prácticas, proxectos, exercicios probas de avaliación e actividades en xeral. • Establece medidas que permitan introducir melloras. • Fai posible a realimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos indicando os aspectos nos que o alumnado pode e debe introducir melloras. • Proporciona indicacións durante a realización do traballo práctico na aula-taller. • Supervisa de forma continua a resolución de exercicios e realización de tarefas que se desenvolven durante as sesións de traballo. • Favorece os procesos de autoavaliación. • propón actividades complementarias para resolver problemas que xorden durante o proceso de ensino-aprendizaxe. • Establece con claridade os criterios de avaliación e de puntuación. • Informa ao alumnado e ás súas familias dos resultados obtidos. |

## REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

A programación será revisada durante todo o curso e en cada reunión do departamento se farán propostas de mellora co fin de realizar as modificacións necesarias. A revisión, a avaliación e a modificación da programación serán recollidas na memoria de fin de curso do departamento.

A presente programación é aprobada polo seminario de Tecnoloxía de ÍES Poeta Díaz Castro de Guitiriz, a 30 de setembro de 2019

Asinado:

José Engroba García

*(Xefa de departamento)*